

LOUISA MAY ALCOTT

**Detrás da máscara:
o poder dunha muller**

Traducido por Antía Veres Gesto

I Premio Realia de Tradución Literaria



Hugin e Munin

I
JEAN MUIR

—Chegou?

—Non, mamá, aínda non.

—Quen me dera que xa pasase todo. Só de pensalo, desacóugome e altérome. Tráeme un coxín para os cadrís, Bella.

A pobre e amuada señora Coventry afundiuse nunha poltrona cun suspiro nervioso e co aire dunha mártir, namentres que a súa fermosa filla rebulía ao seu redor, solícita e cariñosa.

—De quen falan, Lucia? —preguntou o lánquido mozo que descansaba reclinado nun diván preto da súa curmá, inclinada sobre o seu labor de tapizaría cun sorriso alegre na súa cara de natural altiva.

—Da nova institutriz, a señorita Muir. Queres que che fale dela?

—Non, grazas. Sempre me repugnou toda esa casta. Cantas veces lle agradecín ao ceo non ter máis ca unha irmá, e que fose unha consentida, para así evitar eu a imposición dunha institutriz durante tanto tempo.

—E como farás para aturalo? —preguntou Lucia.

—Marcharei cando ela estea na casa.

—Non tal. Es demasiado nugallán, Gerald —gritou un mozo máis novo e enérxico dende o recullo onde andaba a encerrar os seus cans.

—Doulle tres días de proba: se resulta soportable, nin me vou molestar, pero se, como estou convencido, é un fastío, marchó para algures, a calquera lugar lonxe dela.

—Prégovos que non faledes desa maneira tan deprimente, rapaces. Arrepíame que veña alguén de fóra moi-tísimo máis do que a vós, pero non podemos descoidar a Bella, así que eu collín folgos para aturar esta muller e Lucia tivo a bondade de ofrecerse a ocuparse dela despois desta noite.

—Non te preocupes, mamá. Seguro que é boa persoa e, tan pronto como nos afagamos a ela, non me cabe ningunha dúbida de que nos aledará tela connosco. Isto anda moi aburrido. A señora Sydney comentou que era unha rapaza tranquila, xeitosa e amable que precisaba un fogar e que me sería de axuda, así que procura que che guste pola parva e coitada da túa filla.

—Procurareino, filla, pero non se está facendo tarde? Espero que non pasase nada. Mandaches unha carruaxe á estación para recollela, Gerald?

—Esqueceume, pero non está lonxe, non lle ha facer mal andar —respondeu el con languidez.

—Foi preguiza, non esquecemento, que ben o sei eu. Canto o lamento. Seguro que pensa que é unha desconsideración que deixemos que se amañe ela soa para chegar aquí a estas horas. Encárgate ti, Ned.

—Tarde piaches, Bella... O tren chegou hai un anaco. A próxima vez dáme a min as debidas instrucións. Madre e mais eu aseguráremos de que se cumbran —dixo Edward.

